

2026

Convivencia de Irmás/áns e Cuñadas/os

"A importancia dos cambios no camiño da vida"

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Xacobeo 2027

FADEMGA

Plena inclusión Galicia

Convivencia de Irmás/áns e Cuñados/as

“A importancia dos cambios no camiño da vida”

Que ímos facer?

Unha convivencia dirixida a irmás/áns e cuñados/as de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, na que compartiremos experiencias e coñeceremos ferramentas para comprender, expresar e xestionar os sentimentos que xorden durante o proceso de duelo.

Cal é o obxectivo?

Favorecer o coñecemento mutuo e o intercambio de experiencias entre as familias, ofrecendo información e ferramentas prácticas que fortalezan o papel dos irmáns e cuñados no acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento durante o duelo.

Sobre que falaremos?

Afondaremos no significado do duelo, nas emocións que poden xurdir ao longo deste proceso e nas estratexias para afrontalo. Tamén reflexionaremos sobre como acompañar e apoiar as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, respectando os seus tempos, necesidades e sentimentos.

Onde e cando?

O sábado 28 de novembro de 2026, na Hospedería de San Martín Pinario, en Santiago de Compostela.

Como podes inscribirte?

Cada persoa interesada cubrirá **este formulario online** coa axuda dun profesional da súa asociación. Non admitiremos inscricións presentadas por outros canais.

Nº DE PARTICIPANTES
30 persoas como máximo.

COMIDA
Os asistentes terán que sinalar se quedan a comer e se precisan dieta especial ou teñen algunha intolerancia alimentaria.

PRAZO
O último día para enviar a inscrición é o **20 de novembro**.
Non admitiremos inscricións fóra de prazo.
No caso de haber algunha baixa, deberá informarse da mesma antes da convivencia a través do correo familias@fademga.org.

CONFIRMACIÓN DE INSCRICIÓNS
A partir do **23 de novembro** confirmaremos as inscricións admitidas.



Programa

10:00 Recepción e benvida.

10:30 Acompañar no impacto emocional dos cambios da vida das persoas
Poñente: María Parada (Psicóloga de Fundación Hospitalarias Betanzos).

12:00 Café.

12:30 Apoios e recursos no acompañamento nos cambios da vida.
Poñente: María Parada (Psicóloga de Fundación Hospitalarias Betanzos).

14:00 Comida

16:00 Os sentimentos das vivencias do camiño.
Dinamizadora: Marta Pérez (Licenciada en filosofía, actriz e creadora escénica).

18:00 Clausura.





2026

Convivencia de Irmás/ans e Cuñadas/os

“A importancia dos cambios no camiño da vida”

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Xacobeo 2027

FADEMGA Plena inclusión Galicia